

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI009	Lingua estranxeira profesional I	2022/2023	0	53	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSÉ SEIJO GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Interpreta información contida en textos escritos complexos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, e analiza de xeito comprensivo os seus contidos
RA4 - Elabora e cobre documentos de carácter técnico e informes propios do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, consonte modelos e formatos habituais na lingua estranxeira

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Comprendéronse textos específicos do seu ámbito profesional e extraeuse a información máis relevante
CA2.2 Interpretouse o contido global da mensaxe na que se utiliza a terminoloxía máis habitual
CA2.3 Interpretouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.4 Léronse con independencia distintos tipos de textos, co apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos
CA2.5 Realizáronse traducións directas e inversas de textos específicos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos
CA2.6 Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita
CA4.1 Producíronse textos relacionados con aspectos profesionais e organizouse a información de xeito coherente e cohesionado
CA4.2 Cubriuse documentación específica do seu campo profesional
CA4.3 Realizáronse resumos de textos relacionados co seu contorno profesional
CA4.4 Utilizáronse correctamente a terminoloxía e o vocabulario específico da profesión, en textos escritos
CA4.5 Utilizáronse as fórmulas de cortesía en presentacións e despedidas propias do documento que se vaia elaborar
CA4.6 Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia
CA4.7 Describíronse as competencias propias do contorno laboral
CA4.8 Elaborouse a resposta a unha solicitude de emprego a partir dunha oferta de traballo
CA4.9 Elaborouse un curriculum vitae
CA4.10 Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión escrita

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece información específica do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental contida en discursos orais claros e extensos, emitidos en lingua estranxeira, e interpreta con precisión o contido da mensaxe

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA3 - Produce mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo/a en conversas do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, analizando o contido da situación e adaptándose ao rexistro lingüístico do/da interlocutor/a

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo

CA1.1 Identificouse a idea principal de mensaxes e de conversas propias do ámbito profesional, sen necesidade de entender o discurso na súa totalidade
CA1.2 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio auditivo
CA1.3 Extraéronse informacións específicas da mensaxe
CA1.4 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas, e outras formas de presentación académica e profesional
CA1.5 Comprendéronse as instrucións orais que poidan darse en procesos de comunicación do seu ámbito profesional
CA1.6 Identificáronse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe
CA1.7 Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral
CA3.1 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas
CA3.2 Utilizáronse os rexistros adecuados para a emisión da mensaxe
CA3.3 Realizáronse de maneira clara presentacións breves e preparadas sobre un tema dentro da súa especialidade
CA3.4 Preparouse unha presentación persoal para unha entrevista de traballo
CA3.5 Emitíronse mensaxes orais precisas e concretas para resolver situacións puntuais
CA3.6 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión en producións orais
CA3.7 Describiuse con fluidez o seu contorno profesional máis próximo co uso das estratexias de comunicación necesarias
CA3.8 Describíronse imprevistos relacionados coa profesión
CA3.9 Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia
CA3.10 Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas
CA3.11 Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del, cando se considerou que cumpría
CA3.12 Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión oral

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación



CONTIDOS MÍNIMOS

Os contidos mínimos exixibles son os seguintes:

Na comprensión oral:

- Identificouse a idea principal de mensaxes e de conversas propias do ámbito profesional, sen necesidade de entender o discurso na súa totalidade.
- Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio auditivo.
- Comprendéronse as instrucións orais que poidan darse en procesos de comunicación do seu ámbito profesional.
- Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas, e outras formas de presentación académica e profesional.
- Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral.

Na comprensión escrita:

- Comprendéronse textos específicos do seu ámbito profesional e extraeuse a información máis relevante.
- Interpretouse o contido global da mensaxe na que se utiliza a terminoloxía máis habitual.
- Interpretouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes.
- Léronse con independencia distintos tipos de textos, co apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
- Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita.

Na expresión oral:

- Utilizáronse os rexistros adecuados para a emisión da mensaxe.
- Preparouse unha presentación persoal para unha entrevista de traballo.
- Emitíronse mensaxes orais precisas e concretas para resolver situacións puntuais.
- Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión en producións orais.
- Descríbóronse imprevistos relacionados coa profesión.
- Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia.
- Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas.
- Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del, cando se considerou que cumpría.

Na expresión escrita:

- Producíronse textos relacionados con aspectos profesionais e organizouse a información de xeito coherente e cohesionado.
- Cubriuse documentación específica do seu campo profesional.
- Realizáronse resumos de textos relacionados co seu contorno profesional.
- Utilizáronse correctamente a terminoloxía e o vocabulario específico da profesión, en textos escritos.
- Utilizáronse as fórmulas de cortesía en presentacións e despedidas propias do documento que se vaia elaborar.
- Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia.
- Descríbóronse as competencias propias do contorno laboral.
- Elaborouse a resposta a unha solicitude de emprego a partir dunha oferta de traballo.
- Elaborouse un curriculum vitae.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:



Farase unha avaliación valorando unha proba teórica (60% con gramática, vocabulario, comprensión lectora e expresión escrita), que será eliminatoria. Para pasar a segunda parte o alumnado deberá acadar un 5. A segunda parte será unha proba de expresión oral (Speaking ou fala) e comprensión oral (Listening ou escoita) que valerá un 40%.

O alumnado que finalmente acade 5 no cómputo total considerárase que ten aprobado o módulo.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba ou proba teórica constará dunha parte de vocabulario e gramática con exercicios diversos que poderán ser de "multiple choice", relacionar, completar ... que versarán sobre todos os aspectos gramaticais e de vocabulario que aparecen nos contidos mínimos establecidos nos criterios de cualificación. Tamén poderá haber exercicios de transformación e definición de palabras en inglés.

Aparte disto haberá un Reading ou texto con exercicios diversos que poderán ser preguntas de comprensión sobre o mesmo, frases para completar ou de escolla entre verdadeiro ou falso, no que se pedirá súa xustificación. Igualmente se ofrecerán definicións para que se localicen as palabras correspondentes no texto.

Seguidamente desenvolverán por escrito un tema relacionado cos asociados ao módulo.

Na expresión escrita a cualificación se fará tendo en conta os seguintes criterios:

1. Eficacia comunicativa: terase en conta si é comprensible.
2. Capacidade discursiva: teranse en conta a coherencia de ideas, a organización das mesmas e o desenrolo relevante e suficiente.
3. Uso da lingua: terase en conta os recursos lingüísticos, a cohesión e a fluidez.
4. Corrección formal: terase en conta a gramática, o vocabulario, a ortografía e a cohesión discursiva.

Esta proba será presencial a menos que a situación sanitaria non o permita. Nese caso a proba será por medios telématicos (aula virtual ou videoconferencias con Teams ou Drive).

4.b) Segunda parte da proba

Nesta parte primeiramente farase unha proba de comprensión oral, na que se escoitará unha gravación 3 veces. Seguidamente se farán exercicios de comprensión como poden ser responder preguntas relacionadas coa escoita, decidir se unhas afirmacións son verdadeiras ou falsas e/ou completar ocos con palabras ou expresións sacadas da gravación.

Tamén haberá que facer un monólogo en inglés tendo como apoio fotos (aproximadamente 5 minutos) sobre un dos temas relacionados co módulo e o profesor poderá facer preguntas sobre o mesmo ou un diálogo co profesor sobre un tema relacionado co módulo.

Na expresión oral a cualificación se fará tendo en conta os seguintes criterios:

1. Eficacia comunicativa: terase en conta si é comprensible.
2. Capacidade discursiva: teranse en conta a coherencia das ideas, a organización das mesmas e o desenrolo relevante e suficiente.
3. Uso da lingua: teranse en conta os recursos lingüísticos, a cohesión, a fluidez.
4. Corrección formal: teranse en conta a gramática, o vocabulario, a pronunciación e a cohesión discursiva.



En ningunha das probas se pedirá nin se admitirá material externo e só se traballará co aportado polo profesor-examinador.

Esta proba será presencial a menos que a situación sanitaria non o permita. Nese caso a proba será por medios telématicos (aula virtual ou videoconferencias con Teams ou Drive).